

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

Resolución da Presidencia, do 30 de xuño de 2023, pola que se declara deserto o concurso de méritos para a provisión dun posto de traballo en Intervención e Asuntos Económicos

Mediante Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 18 de abril de 2023 convocouse concurso de méritos para a provisión dun posto de traballo pertencente á Intervención e Asuntos Económicos.

Vista a proposta de resolución efectuada pola Comisión de Méritos con data do 28 de xuño de 2023 e de conformidade co disposto no artigo 3.9 do Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 22 de marzo de 2021 polo que se aproban as normas reguladoras das bases xerais para as convocatorias das provisións de postos de traballo polo sistema de concurso de méritos no Parlamento de Galicia,

RESOLVO:

Primeiro. Declarar deserto o concurso para a provisión dun posto de traballo en Intervención e Asuntos Económicos.



Segundo. Publicar esta resolución no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e na páxina web corporativa.

Terceiro. Comunicarlle esta resolución ao Servizo de Persoal e Réxime Interior.

Cuarto. Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpor recurso de reposición perante a Presidencia do Parlamento no prazo dun mes, ou, directamente, recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Santiago de Compostela, 30 de xuño de 2023

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

